

INFORME-PROPOSTA

Asunto: **modificación da base 9.11 da XI Liga e Copa Municipais de Fútbol Sala.**

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Decreto núm 796/2009, con data 22/09/2009, co que se aproban as bases que rexirán a XI Liga e Copas Municipais de Fútbol Sala.

INFORME

Para o funcionamento da XI Liga e XI Copa Municipais de Fútbol Sala, débese cambiar o apartado 9.11 das bases aprobadas polo Decreto núm. 796, de data 22/09/2009.

O apartado a cambiar transcrito literalmente é o seguinte:

“9.11.- Só se poderán dar dous aprazamentos de partidos por equipo, tendo en conta que non se pode aprazar ningún partido nas últimas tres xornadas. Estes aprazamentos os ten que conceder o Concello.”

Este apartado queda redactado da seguinte forma:

“9.11.- Só se poderá dar un aprazamento de partido por equipo, tendo en conta que non se pode aprazar ningún partido nas últimas cinco xornadas da liga, e na copa non se poderá aprazar ningún partido. Estes aprazamentos os ten que conceder o Concello.”

Cuarto.- Comunicar o presente Decreto ás persoas que constitúen o Comité de Competición, aos equipos que se inscriban na XI Liga Municipal e Copa de Fútbol Sala e á empresa áure Xestión Cultural S.L.

Bergondo, 29 de setembro de 2009

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez